



Modesto Solla Sanz (funcionario da escala de habilitación de carácter nacional, subescala Intervención-Tesourería, categoría superior, con número de rexistro de persoal 3602143157 A3013) Interventor Xeral no Concello de Nigrán, emite informe referido ás “Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)”.

INFORME DO INTERVENTOR

ASUNTO.-

Fiscalización preceptiva previa da documentación correspondente ás “Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)”.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE BÁSICA.-

- * (CE) Constitución Española do 27 de decembro de 1978 (BOE número 311-1, do 29.12.78).
- * (CP) Lei Orgánica 10/1995 do 23 de novembro, do Código Penal (BOE número 281, do 24.11.95).
- * (LALG) Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia (DOG número 149, do 05.08.97).
- * (LCSP) Lei 30/2007 do 30 de outubro, de contratos do sector público (BOE número 261, do 31.10.07).
- * (LES) Lei 2/2011 do 4 de marzo, de economía sostible (BOE número 55, do 5.03.11).
- * (LOUG) Lei 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG número 252, do 31.12.02).
- * (LRBRL) Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE número 80, do 03.04.85).
- * (LRFL) Real Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (BOE número 59, do 09.03.04).
- * (LRX-PAC) Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE número 285, do 27.11.92).
- * (LXEO) Real Decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria (BOE número 313, do 31.12.07).



* (OFTAS) Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais no Concello de Nigrán (BOP número 247, do 26.12.07; e BOP número 250, do día 29.12.08).

* (PCA) Prego de condicións económico-administrativas e técnicas que rexerá no concurso para a concesión da xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Nigrán.

* (RCAP) Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (BOE número 257, do 26.10.01).

* (RFHN) Real Decreto 1174/1987 do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional (BOE número 233, do 29.09.87).

* (RLXEO) Real Decreto 1463/2007 do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (BOE número 264, do 03.11.07).

* (ROF) Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE número 306, do 22.12.86).

* (TRLS) Real Decreto legislativo 2/2008 do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo (BOE número 154, do 26.06.08).

* (TRRL) Real Decreto legislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE números 96 e 97, do 22 e 23.04.86).

Parte da lexislación indicada foi modificada puntualmente en diversas ocasións, citándose neste informe (agás indicación expresa en contrario) os textos na súa redacción vixente a día 16.02.12.

ANTECEDENTES.-

Os días 16, 17 e 18.01.12, así como o día 15.02.12, este Interventor recibiu diversa documentación correspondente ás “Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)”.

CONSIDERACIÓNS PREVIAS.-

Os informes do Interventor Xeral no Concello de Nigrán son preceptivos nos supostos indicados legalmente en diversas normas, entre elas no artigo 214 da LRFL así como nos artigos 173 do ROF, e 4.1.a) do RFHN (outras normas, como a LCSP, recollen tamén a preceptividade dos informes citados).



En calquera caso e coa finalidade de poder elaborar adecuadamente os informes preceptivos deste Interventor, deberanse remitir ao mesmo, coa antelación debida, os expedientes administrativos completos (debidamente ordeados, foliados, rubricados, con índice de documentos, cos informes da xefatura da dependencia encargada da súa tramitación, e con informe xurídico) xunto coa correspondente proposta de acordo (ou de acordos) a adoptar.

INFORME.-

Vista a documentación recibida na Intervención os días 16, 17, e 18.01.12, así como o día 15.02.12, correspondente ás “Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)”.

Cumprindo o disposto nos artigos 213 e 214 da LRFL, 54.2 do TRRL, 173.2 do ROF e 4.1.a) e h) do RFHN.

Ao abeiro do establecido nos artigos 215 e 216.2.c) da LRFL .

Este Interventor formula os seguintes reparos:

Primeiro.-

A documentación recibida non corresponde plenamente a un expediente administrativo xa que:

- a) Non é un conxunto ordeado de documentos e actuacións que sirvan de antecedentes e fundamento á resolución administrativa, así como das dilixencias encamiñadas a executala, incumprindo o establecido no artigo 164 do ROF.
- b) Non se indica quen é o funcionario responsable da tramitación do preceptivo expediente, incumprindo o establecido nos artigos 35.b) da LRX-PAC e 182 do ROF.
- c) Carece de foliación e de rúbricas; incumprindo o establecido no artigo 164.2 do ROF.
- d) Carece de índice de documentos, incumprindo o establecido no artigo 179 do ROF.
- e) Carece de informe da xefatura da dependencia encargada da súa tramitación (véxase o indicado nos reparos segundo e terceiro deste informe).
- f) Carece de informe xurídico, ou (no seu caso) da Secretaría Xeral (véxase o indicado nos reparos segundo e terceiro deste informe).

O indicado nos parágrafos anteriores conlevou ou pode conlevar (xunto cos incumprimentos da normativa citada nos mesmos) inseguridade xurídica derivada da deficiente, desordeada e asistemática tramitación, ordenación e seguemento do preceptivo expediente administrativo; así mesmo complica innecesariamente a búsqueda e a acreditación da existencia, e da rápida localización, de documentación no expediente, non acredita a súa permanencia ou non variación,



ralentiza e fai máis onerosa para o Concello a tramitación do expediente; condicionando, dificultando ou impedindo a súa completa fiscalización, etc.

Segundo.-

Non consta informe da xefatura da dependencia á que corresponda a tramitación das “Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)”, expoñendo os antecedentes e disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio, incumprindo o establecido no artigo 172.1 do ROF; non constando, tampouco, informe xurídico ou da Secretaría Xeral, nen escrito da Alcaldía solicitante (no seu caso, e de consideralo preciso) este último informe; debéndose ter en conta que tanto o preceptivo informe da xefatura da dependencia, como o informe xurídico ou (no seu caso) o informe da Secretaría Xeral, son distintos e previos ao de fiscalización preceptiva deste Interventor; e a improcedente omisión do informe da xefatura da dependencia e do informe xurídico (unido ao indicado nos reparos primeiro e terceiro deste informe) pode impedir, condicionar, ou dificultar a emisión do preceptivo e completo informe de fiscalización, ralentizando a súa emisión e facéndoa máis onerosa para o Concello de Nigrán.

Terceiro.-

Incumprindo o establecido no artigo 175 do ROF, non consta informe referido ás “Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)”; informe distinto e previo ao de fiscalización e redactado en forma de proposta de resolución no que se indique:

- a) A enumeración clara e sucinta dos feitos.
- b) As disposicións legais aplicables e alegación razoada da doutrina, e
- c) O pronunciamento que deberá conter a parte dispositiva.

Cuarto.-

O indicado nos tres reparos anteriores condiciona e limita a emisión do preceptivo e completo informe de fiscalización, ralentizando a súa emisión e facéndoa máis onerosa para o Concello de Nigrán; poidendo, tamén, ralentizar, condicionar ou dificultar a tramitación das “Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)”, así como a adopción dos correspondentes acordos, referidos á mesma, plenamente conformes a Dereito, e en tempo e forma.

Quinto.-

Na documentación recibida na Intervención os días 16, 17, e 18.01.12, así como o día 15.02.12, correspondente ás “Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)”, non quedan documentalmente acreditados (nen por técnicos municipais, nen pola empresa adxudicataria da “Xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Nigrán”) os motivos da falta de capacidade da ETAP de Nigrán para acadar continuamente o caudal de dimensionamento de 200 l/s para o que foi inicialmente proxectada, dimensionada e construída (sen financiamento municipal), como se indica nun informe do Arquitecto do Concello de Nigrán, do día 10.02.12, en referencia ao



indicado ao respecto nun (sic) "*Anteproxecto de melloras na ETAP de Nigrán, Pontevedra*" do día 2.04.09 redactado por dous enxeñeiros da empresa consultora "*Applus Norcontrol, S.L.U.*" a petición do organismo autónomo "Augas de Galicia" (véxase o indicado ao respecto nos reparos sexto e sétimo deste informe).

Sexto.-

Na documentación recibida na intervención os días 16, 17, e 18.01.12, así como o día 15.02.12, correspondente ás "Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)", non queda documentalmente acreditado o amparo legal (de existir) para que o Concello de Nigrán teña que aportar un total de 111.554,38 euros nos anos 2012 e 2013 para a realización do proxecto técnico e das obras de "Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)" para que esta acade o caudal de auga (de 200 l/s) para o que foi inicialmente proxectada, dimensionada e construída (sen financiamento municipal); nen para que aporte posteriormente e durante 20 anos a "Augas de Galicia" o 30 por 100 da anualidade de amortización do custo final do proxecto técnico e das obras de "Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)" procedente da actualización de tarifas debidas á "*Prestación do servizo na medida axeitada ao custo das obras que se realizan, e á súa explotación e amortización*".

Sétimo.-

Na documentación recibida na Intervención os días 16, 17, e 18.01.12, así como o día 15.02.12, correspondente ás "Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)", non se indica a incidencia que terá na demanda de auga da rede municipal de abastecemento (e do caudal de auga de de 200 l/s na ETAP) o "Parque empresarial terciario de Porto do Molle".

Malia o indicado, no Concello de Nigrán constan varios escritos da empresa concesionaria da "Xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Nigrán", así como varios informes do Enxeñeiro do Concello de Nigrán, que poñen de manifesto que a ETAP non acada o caudal nominal de diseño (200 l/s) así como a incapacidade da mesma para dar servizo ao "Parque empresarial de Porto do Molle; entre os escritos da empresa citada están un do día 7.11.03 (recibido no Concello de Nigrán o día 10.11.03, rexistro de entrada número 6.125) no que se indica:

"(...)

Queremos manifestarle que la planta no alcanza en mucho el caudal de diseño (200 l/s). En una prueba de caudal realizada el día 9/10/03 en presencia del Ingeniero Municipal D. Antonio Pérez Collazo, la planta solamente alcanzó una producción de 130 l/s antes de bloquearse, produciéndose a este caudal y, en el momento que un filtro entró en la fase de lavado, el atascamiento de los filtros en cadena, que consecuentemente provocó el cierre de la entrada dfe agua bruta (...)"

Noutro escrito da mesma empresa, do día 10.12.03 (recibido no Concello de Nigrán o día 11.12.03, rexistro de entrada número 6.697) indícase:

"ASUNTO: INFORME PREVIO A LA ADSCRIPCIÓN DEFINITIVA DE LA ETAP DE CONDOMINGUEZ, TUBERÍA DE AGUA EN ALTA DESDE ZAMANES Y DEPÓSITO DE PRIEGUE.

NIGRÁN UTE después de las pruebas realizadas en la obra citada informa que se han detectado las



anomalías que a continuación se detallan:

- **La planta no alcanza en mucho el caudal nominal de diseño (200 l/s).** En una prueba de caudal, sin floculación, realizada el día 9/10/03 en presencia del Ingeniero Municipal D. Antonio Pérez Collazo la planta solamente alcanzó una producción de 130 l/s. Produciéndose a ese caudal y en el momento que un filtro entró en la fase de lavado, el atascamiento de los filtros en cadena, que consecuentemente provocó el cierre de la entrada de agua bruta.
- Los procesos de coagulación-floculación para eliminar la materia en suspensión del agua bruta se realizan en los filtros de la planta (al carecer ésta de un decantador previo donde se podrían realizar de forma óptima estas reacciones), lo que provoca, en condiciones de agua turbia, que los filtros se colmaten con facilidad y se produzca un estrangulamiento del caudal tratado hasta los 40 l/s como máximo, muy lejos de la demanda existente en Nigrán y de las características de diseño de la planta.

(...)

CONCLUSIONES

Refiriéndonos exclusivamente a la capacidad actual de tratamiento de la ETAP de Condóminguez para el agua procedente del embalse de Zamans, habría que concluir que la planta no está preparada para tratar la demanda de caudal existente y para la que fue diseñada, teniendo en cuenta las características del agua recibida desde el embalse. Características éstas que necesitan frecuentes procesos de coagulación-floculación, en altas concentraciones de reactivos, y dichos procesos, se ha comprobado, no se pueden realizar de forma adecuada en los filtros de arena existentes sin estrangular de forma considerable el caudal tratado (...)"

Noutro escrito da empresa citada, do día 20.01.04 (recibido no Concello de Nigrán o día 21.01.04, rexistro de entrada número 185) indícase:

“ASUNTO: SUMINISTRO DE AGUA AL ABASTECIMIENTO PÚBLICO-NIGRÁN.
CAPACIDAD DE LA ETAP

(...)

Existe un problema de caudal de la E.T.A.P. cuya capacidad de filtración está muy por debajo de la prevista en el proyecto.

La demanda actual del Suministro de Agua a Nigrán es de 110 l/s en verano y aproximadamente 40 l/s en invierno. El próximo mes de febrero se aprobará el Plan Parcial de <Porto do Molle> con una demanda prevista de 105 l/s por lo que consideramos fundamental que la E.T.A.P. pueda aportar los 200 l/s en condiciones óptimas de potabilidad (...)"

Noutro escrito da empresa antes citada, do día 30.12.09 (recibido no Concello de Nigrán o día 30.12.09, rexistro de entrada número 14.237) indícase:

“ASUNTO: SOLICITUDE DE SERVICIOS PORTO DO MOLLE

Aqualia-FCC Nigrán UTE, como concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento do Concello de Nigrán informa:



Concello
de Nigrán

Que tralo remate das obras de urbanización do Polígono Porto do Molle, e aínda sen estar recepcionado por esta concesionaria os servizos de abastecemento e saneamento de auga, xa se presentaron nas nosas oficinas diversas solicitudes para a conexión a ditos servizos para a execución de naves.

A capacidade de subministro da ETAP de Condominguez non pode asumir o subministro da poboación estival máis o consumo do polígono. Polo tanto, para non ter problemas no abastecemento, as naves do Polígono Porto do Molle soamente se poderían abastecer a través dun contador de 13 mm para auga de obra, non podendo conectarse nin servizos sanitarios nin redes contra incendios.

(...)"

Nun escrito da mesma empresa, do día 11.01.10 (recibido no Concello de Nigrán o día 11.01.10, rexistro de entrada número 170) indícase:

"ASUNTO: INFORME SOBRE ETAP DE NIGRÁN

(...)

Resulta aquí necesario advertir que a planta de tratamento no dispón de capacidade para tratar un auga con estas características por encima de los 70 l/s, dado que los procesos de floculación-coagulación para eliminar tanto la materia en suspensión como los metales disueltos se realizan en los filtros de arena, dado el actual diseño de la planta, lo que provoca, en las condiciones del agua referida anteriormente, la colmatación de los filtros y el estrangulamiento del caudal, llegando incluso en ocasiones hasta los 40 l/s de caudal máximo, muy lejos tanto de la demanda existente en Nigrán, como de las características de diseño de la planta (200 l/s según Proyecto de ejecución Abastecemento de Auga dende Zamáns a Nigrán e Priegue con orden de aprobación el 21 de marzo de 2000).

Es por ello que se hace necesario dotar a la planta de un sistema de decantación previo al filtrado y con capacidad suficiente para que la ETAP cumpla la función para la que fue concebida".

A mesma empresa, nun escrito do día 14.02.11 referido aos "Servizos de abastecemento e saneamento de auga en Porto do Molle" (rexistro de entrada no Concello de Nigrán número 1.387) indica:

(...) Que os servizos de abastecemento e saneamento de auga do Polígono Porto do Molle están sen recepcionar por esta concesionaria.

Que a día de hoxe, é moi posible que a capacidade de subministro da estación de Tratamento de Auga Potable de Condominguez non poida asumir o subministro da poboación estival máis o futuro subministro as naves e edificios do Polígono Porto do Molle.

Que no suposto de que a auga de entrada a planta, chegase con parámetros que non fixesen necesario o seu tratamento e simplemente fose necesaria a súa filtración e cloración, o caudal máximo que se introduciu na planta a través dos filtros de area foi de 110 l/s.

Que no suposto de que a calidade da auga presentase parámetros que fixesen necesario o seu tratamento, a experiencia desta concesionaria determina que por riba dos 70 l/s de caudal de entrada, os procesos de floculación e coagulación, provocan a colmatación dos filtros de area e un estrangulamento do caudal, chegando en ocasións os 40 l/s do caudal máximo admisible, moi lonxe do caudal de deseño da planta. Ademais, a colmatación dos filtros provoca un elevado gasto de auga de lavado, que non se recupera.



(...)"

En relación co indicado, o Enxeñeiro do Concello de Nigrán (actualmente xubilado) nun informe do día 1.03.11, e logo de facer referencia a diversos informes e escritos anteriores, conclue indicando que:

"(...)

Vistos todos los antecedentes expuestos podemos resumir lo siguiente:

- 1) *El caudal máximo de paso de agua a través de la ETAP es de 110 l/s (55 % del caudal de proyecto), solo con el tratamiento de cloración y filtración (sin coagulación-floculación).*
- 2) *El caudal máximo con tratamiento completo (incluyendo precloración-coagulación-floculación-filtración) es de 70 l/s (35% del caudal del proyecto).*

Por lo indicado es claro que el Ayuntamiento:

- *Con la ETAP actual no puede garantizar el suministro de agua potable al Polígono Industrial de Porto do Molle.*
- *El consumo municipal actual de la red de abastecimiento domiciliario, en los meses de julio y agosto es de aproximadamente 90-100 l/s lo cual pone de manifiesto que:*
 - a) *Estamos próximos al límite de capacidad de suministro de agua (110 l/s) en caso de no ser necesario el tratamiento completo.*
 - b) *En caso de necesitarse tratamiento completo nuestra capacidad máxima de suministro sería 70 l/s por la que ya sería necesario realizar cortes en el suministro.*

Todo lo indicado pone de manifiesto las precarias condiciones del abastecimiento municipal ya solo teniendo en cuenta el consumo domiciliario de la población actual sin considerar el futuro incremento poblacional ni la demanda del Polígono Industrial estimada en 70-100 l/s una vez completado"

En relación ao indicado débese ter en conta, tamén, a incidencia na ETAP do subministro de auga ao Concello de Baiona (en varios meses do verán, e en varios anos, ao traves da ETAP e da rede de abastecemento de auga de Nigrán).

O Concello de Nigrán enviou a "Augas de Galicia" diversos escritos, documentación e informes, referidos ás deficiencias no funcionamento da ETAP, acreditando (entre outros aspectos) que o caudal máximo de tratamento non alcada os 200 l/s previstos no proxecto (así nun escrito da Alcaldía do día 6.11.03, rexistro de saída número 3.539; nun escrito da Alcaldía do día 20.01.04, rexistro de saída número 185, do día 21.01.04; nun escrito da Alcaldía do día 7.02.08, rexistro de saída número 456, do día 8.02.08, enviando un "Dosier ETAP-Nigran"; e nun escrito da Alcaldía, do día 3.03.11 rexistro de saída número 1.498, enviando diversos informes e documentación referida ás "Deficiencias da Estación de Tratamento de Auga Potable").

Non consta a contificación, nen a incidencia nos custes de explotación da empresa concesionaria



Concello
de Nigrán

da “Xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Nigrán”, dos gastos e dos “*Sobrecostos*” derivados das características da ETAP (especialmente os que sexan consecuencia de non acadar o caudal de 200 l/s para o que foi proxectada e construída); non constando tampouco a contificación da repercusión de todos os gastos citados na minoración do canon percibido ou a percibir polo Concello de Nigrán.

O indicado nos parágrafos anteriores ten unha especial trascendencia legal e económica, pois de conformidade co establecido no artigo 22.c) da LOUG:

“Artigo 22. Deberes dos propietarios de solo urbanizable.

Unha vez aprobado o planeamento que estableza a ordenación detallada, a transformación do solo urbanizable comportará para os seus propietarios os seguintes deberes:

(...)

c) Custear e, se é o caso, executar as infraestruturas de conexión cos sistemas xerais existentes, así como as obras necesarias para a ampliación e reforzo dos citados sistemas, de forma que se asegure o seu correcto funcionamento en función das características do sector e de conformidade cos requisitos e condicións que estableza o plan xeral.

Con respecto ao indicado, no artigo 16.c) do TRLS establécese que:

16. Deberes de la promoción de las actuaciones de transformación urbanística:

(..)

c) Costear y, en su caso, ejecutar todas las obras de urbanización previstas en la actuación correspondiente, así como las infraestructuras de conexión con las redes generales de servicios y las de ampliación y reforzamiento de las existentes fuera de la actuación que ésta demande por su dimensión y características específicas, sin perjuicio del derecho a reintegrarse de los gastos de instalación de las redes de servicios con cargo a sus empresas prestadoras, en los términos establecidos en la legislación aplicable.

Entre las obras e infraestruturas a que se refiere el párrafo anterior, se entenderán incluídas las de potabilización, suministro e depuración de auga que se requieran conforme a su legislación reguladora e a la legislación sobre ordenación territorial e urbanística podrá incluír asimismo las infraestruturas de transporte público que se requieran para una movilidad sostenible.

(...)”

Tendo en conta o indicado neste reparo, o Concello de Nigrán non debería aportar nengunha contía (directamente, nen mediante transferencias a Augas de Galicia nos próximos 20 anos do 30 por 100 da anualidade indicada nun escrito do Presidente de Augas de Galicia, do día 13.01.12, recibido no Concello de Nigrán o día 17.01.12, rexistro de entrada número 604) para a realización das obras de “Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)”; pois, de facelo así causaríase un quebranto economicamente evaluable e legalmente improcedente ao Concelo de Nigrán e un enriquecemento inxusto para terceiros.



Concello
de Nigrán

En todo caso, e en relación co establecido no artigo 22.c) da LOUG, así como no artigo 16.c) do TRLS, deberase acreditar documentalmente se o *Consortio da Zona Franca de Vigo* (CZFB) debeu, ou se deberá custear total ou parcialmente as obras de infraestruturas de potabilización, subministro e depuración de auga que foran ou que sexan necesarias para a ampliación ou reforzo da ETAP (entre outras infraestruturas) de forma que aseguren o seu correcto funcionamento para dar servizo ao “Parque empresarial de Porto do Molle”; pois, de ser legalmente procedente asumir total ou parcialmente polo CZFB aquel custo (tanto anterior, no suposto de non estar prescrito, como futuro) e non ser requerido e efectuado o seu pago, produciríase un quebranto economicamente evaluable para a administración (autonómica ou local) así como un enriquecemento sen causa para o CZFB.

En relación co indicado, nun escrito do delegado do Goberno no CZFB do día 29.10.07 (recibido no Concello de Nigrán o día 29.10.07, rexistro de entrada número 7.541) indícase:

“(...)

SEGUNDA: Abastecimiento de Agua

En relación con las repercusiones que la actuación urbanística que ambas administraciones estamos promoviendo pudiera tener sobre el servicio municipal de abastecimiento de agua potable, se pone de manifiesto que, según las previsiones del Proyecto de Urbanización, y así ha sido confirmado por los técnicos municipales, la capacidad de tratamiento de la estación de Condomínguez, que da soporte al término municipal y de la que se servirá el Parque Empresarial, puede soportar el consumo demandado por éste (los cálculos de oferta y demanda así lo indican), por lo que dicha planta de tratamiento no necesita, como consecuencia de la implantación del Parque, ningún tipo de actuación que implique la ampliación o refuerzo de la instalación existente.

En cualquier caso, como es natural, las previsiones reflejadas en el Proyecto se realizan sobre estándares de consumo que, como tales, pueden verse sobrepasados por cuestiones que se desconocían durante su redacción, pudiendo, hipotéticamente, verse afectada la capacidad de la estación

Si esto llegase a suceder antes de que el Consortio formalice la venta del 90 % de la zona industrial y comercial, y fuese necesaria la ampliación de la Estación de Condomínguez, este Consortio se compromete a contribuir a la financiación de las mismas en la proporción que correspondiese hasta cubrir el incremento de consumo del Parque respecto al previsto actualmente, salvo en el caso de que la infraestructura municipal de abastecimiento, y con ella su capacidad de suministro, fuesen mejoradas en virtud de cualquier actuación que el Concello de Nigrán pudiese acordar con cualquier otra administración pública, siempre que tal actuación no lleve consigo aportación económica del Concello”

(...)”

En relación co indicado no escrito citado con respecto ao “*Abastecimiento de Agua*” e sen prexuízo (no seu caso) de informe posterior á emisión de informes técnicos e xurídicos, este Interventor fai constar que:

a) O indicado no escrito transcrito con respecto á que a ETAP “*Puede soportar el consumo demandado*” polo Parque empresarial de Porto do Molle, está en clara contradición co indicado (antes da data do escrito do Delegado do Goberno no CZFB) en diversos escritos anteriores e posteriores á data citada, e antes transcritos, da empresa concesionaria da “*Xestión integral do*



servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Nigrán”, así como en diversos informes do Enxeñeiro do Concello de Nigrán.

b) É legalmente preceptivo, ao abeiro do establecido nos artigos 22.c) da LOUG e 16.c) do TRLS, que o CZFV custee, e no seu caso execute (entre outras), todas as obras de ampliación e reforzamento das infraestruturas existentes fora da actuación do Parque empresarial de Porto do Molle e que esta demande pola súa dimensión e características especiais, entre elas a ETAP, de forma que asegure o seu correcto funcionamento.

c) A obriga indicada no apartado anterior é independente da administración que financie (inicialmente) total ou parcialmente as obras de ampliación ou de reforzo realizadas ou a realizar na ETAP, ao non ter que recair (total ou parcialmente) aqueles custos en ningunha administración nen nos administrados, por corresponder ao CZFV.

Oitavo.-

Na documentación recibida na Intervención os días 16, 17, e 18.01.12, así como o día 15.02.12, correspondente ás “Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)”, non consta acreditación documental referida á titularidade municipal dos terreos precisos para a realización das obras de “Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)”

Noveno.-

Non consta acreditación documental referida á adecuación (no seu caso) das obras de “Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)” ao establecido no planeamento urbanístico en vigor no Concello de Nigrán.

Décimo.-

Nun escrito do Presidente de Augas de Galicia, do día 13.01.12 (recibido no Concello de Nigrán o día 17.01.12, rexistro de entrada número 604) faise referencia a diversos acordos a adoptar polo Concello Pleno.

Visto o indicado no escrito citado con respecto aos acordos a adoptar, faise constar:

a) Os acordos a adoptar transcriben parcialmente o establecido no artigo 9 do Decreto 84/1997 do 10 de abril, de colaboración técnica e financeira da administración hidráulica de Galicia coas entidades locais (DOG número 78, do 24.04.97), artigo no que consta a documentación a aportar polas entidades locais antes de proceder á licitación das obras.

b) Na documentación recibida na Intervención os días 16, 17, e 18.01.12, así como o día 15.02.12, correspondente ás “Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)”, non consta nengunha acreditación documental referida á titularidade dos terreos precisos para a realización das obras proxectadas.

c) Malia o indicado no apartado cuarto dos acordos a adoptar, que coincide co disposto no artigo 9.c) do Decreto 84/1997 do 10 de abril, carece de sentido e amparo legal a renuncia expresa á que



fai referencia (que reproduce a xurídicamente desafortunada redacción do artigo citado).

Se con motivo da realización das obras é producido o feito impoñible de algún tributo local, devengándose algún imposto ou taxa (ou, no seu caso, se existira algún canon de titularidade municipal) e se correpondera o pago dos mesmo, a “*Renuncia expresa a retención*” carecería de sentido e (especialmente) de amparo legal.

d) Na documentación recibida na Intervención os días 16, 17, e 18.01.12, así como o día 15.02.12, correspondente ás “Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)”, non se indican nen contifican os custos de explotación, mantemento e conservación, nen os prazos e importes da amortización do inmovilizado.

A contificacións citadas son legalmente preceptivas para poder acreditar a garantía da “*Sostenibilidade orzamentaria*” indicada no artigo 32.1 da LES:

“Artículo 32. Sostenibilidad presupuestaria de la Administraciones Públicas.

(...)

3. Las disposiciones legales y reglamentarias, los actos administrativos, los contratos y los convenios de colaboración y cualquier otra actuación de las Administraciones Públicas deberán valorar sus repercusiones y efectos, de forma que se garantice la sostenibilidad presupuestaria”

Con respecto á “*Sostenibilidad presupuestaria*”, no artigo 32.1 da LES dispónse que:


“1. Todas las Administraciones Públicas deben contribuir al logro de la sostenibilidad presupuestaria de las finanzas públicas, entendida como la capacidad para financiar los compromisos de gasto presentes y futuros”

As contificacións citadas son precisas tamen (entre outras finalidades) para coñecer os (improcedentes) importes a asumir polo Concello de Nigrán e (no seu caso) para a modificación dos importes a abonar por terceiros, ver apartado **e)** deste reparo.

e) Corresponde ao Concello Pleno a adopción dos acordos que procedan (previa tramitación do correspondente expediente administrativo conforme a Dereito) referidos á modificación dos importes (a abonar por terceiros) pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable e de saneamento, mediante a modificación da OFTAS.

Con respecto aos importes citados deberase ter en conta o establecido no PCA, especialmente no apartado 1 da cláusula 83ª con respecto á recuperación das cuotas de amortización técnica do inmovilizado adscrito aos servizos de subministro de auga potable e saneamento.

f) Na documentación recibida na Intervención os días 16, 17, e 18.01.12, así como o día 15.02.12, correspondente ás “Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)”, non figura o anteproxecto das obras a realizar; anteproxecto que, según o indicado polo Presidente de Augas de Galicia (no escrito do día 13.01.12, recibido no Concello de Nigrán o día 17.01.12, rexistro de entrada número 604) o Pleno do Concello deberá aprobar; aprobación improcedente ante a inexistencia do citado anteproxecto; debéndose ter en conta o indicándo ao respecto no apartado *h* dun informe, do día 10.02.12, do Arquitecto do Concello de Nigrán:



*"h) (...) Dada a certa indefinición técnica da documentación que se somete a aprobación plenaria, non parece axeitado falar de <anteproxecto> como tal, dado que faltaría, a lo menos, planos en planta da ubicación na parcela, e esquemas de alzados e instalación, senón mais ben de **Prego de condicións técnicas baseadas na documentación achegada como anteproxecto**, e elaborada pola consultora APPLUS, xunto dos E.S.C. E P Francisco Alonso Fernández (director) e Eva López Vidal (autora)".*

Décimo primeiro.-

Na documentación recibida na Intervención os días 16, 17, e 18.01.12, así como o día 15.02.12, correspondente ás "Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)", non consta o cumprimento pleno do establecido no Decreto 84/1997 do 10 de abril (DOG número 78, do 24.04.77) de colaboración técnica e financeira da administración hidráulica de Galicia coas entidades locais; nen consta toda a documentación citada no mesmo (por exemplo, solicitude e certificación de posta a disposición).

Décimo segundo.-

Entre a documentación a aportar xunto coa solicitude de colaboración figurará, artigo 6.2.e) do Decreto 84/1997 do 10 de abril, unha:

"e) Memoria xustificativa do investimento previsto xunto co estudio económico-financieiro da capacidade municipal de dispoñibilidade e endebedamento, no que se xustifique a necesidade de que a Xunta financie a obra na porcentaxe solicitada".

No escrito do Presidente de Augas de Galicia, do día 13.01.12 (recibido no Concello de Nigrán o día 17.01.12, rexistro de entrada número 604) con respecto ao indicado e en relación á documentación que "*É necesario que por parte do Concello de Nigrán se nos remita*" figura (sic):

"INFORME do Interventor sobre a situación económica-financieira do Concello. No informe deberá figurar un estudio económico-financieiro da capacidade municipal de dispoñibilidade e endebedamento no que quede clara a situación financeira do Concello. A tal efecto adxuntámoslle informe co contido mínimo dos datos que nel deben figurar".

En tres follas unidas ao escrito citado figura un "*Informe de Intervención*".

Con respecto ao "*Contido mínimo*" do "*Informe de Intervención*", e reiterando a improcedencia de calquera financiamento municipal (véxase o indicado no reparo sétimo deste informe) faise constar:

a) Este Interventor non comparte nen asume o indicado nos aptados III e IV do "*Informe de Intervención*" con respecto ás apreciacións subxectivas ou que dependen de acordos a adoptar polo Concello Pleno en relación a diversos aspectos orzamentarios, financeiros e tributarios do Concello de Nigrán.

b) Os importes, por capítulos, dos créditos iniciais dos estados de ingresos e de gastos do orzamento xeral do Concello de Redondela para o ano 2012 (BOP número 25, do día 6.02.12) son os seguintes:



I.- Estado de ingresos:

Cap.	Denominación	Euros	% sobre total
1	Impostos directos	4.483.753,13	32,816
2	Impostos indirectos	480.000,00	3,513
3	Taxas e outros ingresos	3.535.357,00	25,875
4	Transferencias correntes	3.398.750,00	24,874
5	Ingresos patrimoniais	73.900,00	0,541
	<i>Total operacións correntes</i>	11.971.760,13	87,619
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00	0,000
7	Transferencias de capital	1.666.714,39	12,198
8	Activos financeiros	25.000,00	0,183
9	Pasivos financeiros	0,00	0,000
	<i>Total operacións de capital</i>	1.691.714,39	12,381
	<i>Total estado de ingresos</i>	13.663.474,52	100,000

II.- Estado de gastos:

Cap.	Denominación	Euros	% sobre total
1	Gastos de persoal	4.029.709,81	29,493
2	Gastos bens correntes e servizos	6.332.441,49	46,346
3	Gastos financeiros	145.954,49	1,068
4	Transferencias correntes	303.300,00	2,220
	<i>Total operación correntes</i>	10.811.405,79	79,127



6	Investimentos reais	1.612.928,39	11,804
7	Transferencias de capital	200.000,00	1,464
8	Activos financeiros	25.000,00	0,183
9	Pasivos financeiros	1.014.140,34	7,422
	<i>Total operacións de capital</i>	2.852.068,73	20,873
	<i>Total estado de gastos</i>	13.663.474,52	100,000

c) As previsións iniciais dos capítulos 3 e 9 do estado de gastos citados no apartado anterior son de 1.160.094,83 euros.

d) O importe do capital vivo pendente de amortizar a día 01.01.12 era de 5.083.546,39 euros.

e) A suma dos xuros (capítulo 3 do estado de gastos), e das amortizacións (capítulo 9 do estado de gastos) do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2012 é de 1.160.094,83 euros.

f) De conformidade co establecido no “Plan de saneamento 2009-2015” aprobado polo Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 8.07.09, o Concello de Nigrán non pode financiar total ou parcialmente ningún investimento mediante préstamos a longo prazo (préstamos que, así mesmo, incrementarían o desequilibrio orzamentario do Concello de Nigrán en termos do “Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales, SEC/95”); indicándose no Plan citado que:

“Capítulo 9 (pasivos financeiros).-

Durante os anos 2009 ao 2015, ambos inclusive, o Concello de Nigrán non tramitará nen concertará ningunha nova operación de préstamo a longo prazo (...).”

g) O remanente de tesouraría indicado nas liquidacións dos orzamentos xerais do Concello de Nigrán correspondentes aos exercicios 2007, 2008, 2009 e 2010 foi negativo por importes respectivos de - 4.842.145,07 euros; de - 4.423.061,60 euros; de - 2.007.638,93 euros; e de -1.085.062,10 euros respectivamente.

h) Segundo consta expresamente indicado no “Plan de saneamento 2009-2015” do Concello de Nigrán (aprobado polo Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 8.07.09):

“Capítulo 9 (pasivos financeiros).-

Durante os anos 2009 ao 2015, ambos inclusive, o Concello de Nigrán non tramitará nen concertará ningunha nova operación de préstamo a longo prazo (...).”

i) Na conclusión IV.3 do modelo de “Informe de Intervención” enviado por Augas de Galicia



indícase expresamente que:

“Esta Corporación debe solicitar a Augas de Galicia a financiación total do importe da obra”

Tendo en conta o anterior (así como, especialmente, o indicado nos reparos quinto, sexto e sétimo deste informe) Augas de Galicia deberá asumir o 100 por 100 do custe do proxecto técnico e das obras de “Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)”; sen prexuízo do indicado nos artigos 22.c) da LOUG e 16.c) do TRLS (véxase o indicado no reparo sétimo deste informe).

Décimo terceiro.-

Con respecto á estabilidade orzamentaria, no artigo 165.1 da LRFL establécese que:

“El presupuesto general atenderá al cumplimiento del principio de estabilidad en los términos previstos en la Ley 18/2001, General de Estabilidad Presupuestaria (...)”.

No artigo 19 da LXEO establécese que a estabilidade orzamentaria das entidades locais será entendida como:

“(...) la situación de equilibrio o de superavit computada, a lo largo del ciclo económico, en términos de capacidad de financiación de acuerdo con la definición contenida en el Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales”.

O sistema europeo de contas nacionais e rexionais, SEC/95 (aprobado polo Regulamento comunitario 2223/96 do Consello do día 25 de xuño de 1996), non indica nengunha magnitude a considerar polas entidades locais para determinar a súa capacidade de financiamento, referíndose á situación de equilibrio de todo o sector público; así mesmo, no RLXEO non se establece a forma de determinar expresamente a capacidade de financiamento das entidades locais, e a mera remisión ao citado SEC/95 (que non forma parte da normativa contable das entidades locais) é insuficiente para definir a capacidade de financiamento das entidades locais.

Malia o anterior, é criterio prudente e extendido (aínda que non expresamente indicado en norma legal directamente aplicable á administración local) entender que cando na aprobación, execución ou liquidación dos orzamentos a suma dos ingresos non financeiros (capítulos 1 ao 7) sexa inferior á suma dos gastos non financeiros (capítulos 1 ao 7) a entidade atoparíase en situación de desequilibrio, en termos do SEC/95; outra forma de medir a estabilidade orzamentaria é mediante a ecuación seguinte:

VAF (variación de activos financeiros) - VPF (variación de pasivos financeiros)

A variación dos activos financeiros (VAF) é igual á diferenza do importe do capítulo 8 do estado de gastos e o capítulo 8 do estado de ingresos.

A variación dos pasivos financeiros (VPF) é igual á diferenza do importe do capítulo 9 do estado de ingresos e o capítulo 9 do estado de gastos.



Concello de Nigrán

Tendo en conta todo o indicado, visto o orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2012 resultan as seguintes previsións de ingresos e gastos:

Cap. 1 a 7 Ingresos	13.638.474,52	Euros
Cap. 1 a 7 Gastos	12.624.334,18	“
	-----	“
	1.014.140,34	“

Cos datos citados, a suma dos capítulos 1 ao 7 de ingresos é formalmente superior en 1.014.140,34 euros á suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, polo que o orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2012 cumpre formalmente o obxectivo de estabilidade orzamentaria definida en termos do SEC/95.

A idéntico resultado chegaríase calculando a estabilidade orzamentaria en base aos capítulos 8 e 9 dos estados de gastos e de ingresos do orzamento xeral para o ano 2012:

$$\text{VAF [= Cap. 8G -Cap.8 I]} - \text{VPF [= Cap. 9I - Cap. 9G]}$$

$$\text{VAF}[25.000,00 - 25.000,00] - [0,00 - 1.014.140,34] = 1.014.140,34$$

En todo caso é preciso ter en conta que o obxectivo de estabilidade orzamentaria tense que cumprir no proxecto de orzamento, nas modificacións orzamentarias, e na liquidación do orzamento.

Tendo en conta a modificación de crédito 1/12 (aprobada mediante un decreto da Alcaldía do día 31.01.12) así como a modificación de crédito 2/12 (aprobada mediante un decreto da Alcaldía do día 6.02.12) resulta:

Cap. 1 a 7 Ingresos	13.638.474,52	Euros
Cap. 1 a 7 Gastos	14.098.187,47	“
	-----	“
	- 459.712,95	“

A idéntico resultado chegaríase calculando a estabilidade orzamentaria en base aos capítulos 8 e 9 dos estados de gastos e de ingresos do orzamento xeral para o ano 2012 incluíndo os expedientes de modificación de crédito 1/12 e 2/12:

$$\text{VAF [= Cap. 8G -Cap.8 I]} - \text{VPF [= Cap. 9I - Cap. 9G]}$$

$$\text{VAF}[25.000,00 - 1.498.853,29] - \text{VPF}[- 0,00 - 1.014.140,34] = - 459.712,95 \text{ euros.}$$

Cos datos citados o orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2012 (unha vez incluídos os expedientes administrativos de modificación de crédito 1/12 e 2/12) incumpe formalmente o obxectivo de estabilidade orzamentaria definida en termos do SEC/95; incumprimento debido á



incidencia que teñen (no cumprimento ou no incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria) as incorporacións de remanentes con financiamento afectado ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2012; incorporacións efectuadas nos expedientes administrativos de modificación de crédito 1/12 e 2/12.

Tendo en conta o incumprimento citado, o Concello de Nigrán deberá proceder consonte ao establecido para eses supostos na LXEO e no RLXEO (artigos 16 e seguintes), sendo preceptivo aprobar polo Concello Pleno un plano económico-financieiro; debéndose ter en conta que o Pleno do Concello de Nigrán, en sesión extraordinaria celebrada o día 8 de xullo de 2009, aprobou un "*Plan de saneamento 2009-2015*" consonte ao establecido no Real Decreto-Lei 5/2009, do 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar ás entidades locais o saneamento de débedas pendentes de pago con empresas e autónomos (BOE número 101, do 25 de abril de 2009); plan que é de preceptivo cumprimento polo Concello.

CONCLUSIONES.-

Polos motivos indicados neste informe reparase a documentación recibida na Intervención os días 16, 17 e 18.01.12, así como o día 15.02.12, correspondente ás "Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)"; reparándose así mesmo a aportación municipal nos anos 2012 e 2013 para o financiamento do 10 por 100 dos custes do proxecto técnico e das obras, e a aportación polo Concello de Nigrán durante 20 anos a "Augas de Galicia" do 30 por 100 da anualidade de amortización do custo final do proxecto técnico e das obras de "Melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)" procedente da actualización de tarifas debidas á "*Prestación do servizo na medida axeitada ao custo das obras que se realizan, e á súa explotación e amortización*".

En todo caso, e en relación co establecido nos artigos 22.c) da LOUG e 16.c) do TRRL deberase ter en conta o indicado no reparo sétimo deste informe.

A resolución motivada dos reparos formulados é competencia do Concello Pleno (artigo 217.2 da LRFL).

Con respecto ao incumprimento (total ou parcial) da legalidade aplicable na realización do gasto público, á esixencia de responsabilidades de diverso tipo, e ás indemnizacións e reintegros de contías, deberase ter en conta o establecido (entre outros) no artigo 60 do TRRL:

"Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que, por dolo o culpa o negligencia, adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones legales, estarán obligados a indemnizar a la Corporación local dos daños y perjuicios que sean consecuencia de aquéllos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder".

Con respecto ao indicado, nos apartados 1, 2 e 3 do artigo 78 da LRBRL establécese que:

"1. Los miembros de las Corporaciones locales están sujetos a responsabilidad civil y penal por los actos y omisiones realizados en el ejercicio de su cargo. Las responsabilidades se exigirán ante los tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable.



2. Son responsables de los acuerdos de las Corporaciones locales los miembros de las mismas que los hubieren votado favorablemente.

3. Las Corporaciones locales podrán exigir la responsabilidad de sus miembros cuando por dolo o culpa grave, hayan causado daños y perjuicios a la corporación o a terceros, si éstos hubiesen sido indemnizados por aquélla”.

No artigo 22 do ROF establécese que:

“1. Los miembros de las Corporaciones Locales están sujetos a responsabilidad civil y penal por los actos y omisiones realizados en el ejercicio de su cargo.

2. De los acuerdos de los órganos colegiados de las Corporaciones Locales serán responsables aquellos de sus miembros que los hubieren votado favorablemente.

3. La responsabilidad de los miembros de las Corporaciones Locales se exigirá ante los Tribunales de Justicia competentes y se tramitará por el procedimiento ordinario aplicable.”

No artigo 404 do CP establécese que:

“A la autoridad o funcionario público que, a sabiendas de su injusticia, dictare una resolución arbitraria en un asunto administrativo se le castigará con la pena de inhabilitación especial para empleo o cargo público por tiempo de siete a diez años.”

Para unha doutrina xeral sobre o delito de prevaricación pódese ver o indicado polo Tribunal Supremo (Sala Segunda, do Penal) na Sentencia 723/2009, do día 1.07.09, recurso 1859/2008 (repertorio de xurisprudencia *La Ley*, referencia 125310/2009).

No artigo 225.1 do ROF establécese que:

“1. Las entidades locales podrán instruir expediente, con audiencia del interesado, para declarar la responsabilidad civil de sus autoridades, miembros, funcionarios y dependientes que, por dolo, o culpa o negligencia graves, hubieren causado daño y perjuicio a la Administración o a terceros, si éstos hubieran sido indemnizados por aquella”.

O expediente citado iniciárase de oficio, artigo 165.1.a) do ROF.

Así mesmo, no seu caso, deberáse ter en conta o establecido nos artigos 145 e 146 da LRX-PAC con respecto á responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas, e á imperatividade da acción de regreso; así, no artigo 145.2 e 3 da citada Lei establécese que:

“2. La Administración correspondiente, cuando hubiere indemnizado a los lesionados, exigirá de oficio de sus autoridades y demás personal a su servicio la responsabilidad en que hubieran incurrido por dolo, o culpa o negligencia graves, previa instrucción del procedimiento que reglamentariamente se establezca.



Concello
de Nigrán

Para la exigencia de dicha responsabilidad se ponderarán, entre otros, los siguientes criterios: el resultado dañoso producido, la existencia o no de intencionalidad, la responsabilidad profesional del personal al servicio de las Administraciones públicas y su relación con la producción del resultado dañoso.

3. Asimismo, la Administración instruirá igual procedimiento a las autoridades y demás personal a su servicio por los daños y perjuicios causados en sus bienes o derechos cuando hubiera concurrido dolo, o culpa o negligencia graves”.

Con respecto á impugnación xurisdiccional (pola administración do Estado ou pola Xunta de Galicia) dos actos e acordos das entidades locais, que infrinxan o ordeamento xurídico, deberase ter en conta o disposto nos artigos 214 ao 216 do ROF, e nos artigos 216 e 217 da LALG.

Nigrán, 16 de febreiro de 2012
O Interventor Xeral



Asdo.- Modesto Solla Sanz